


2ª arxila o barro



A arxila, ou barro, é unha rocha de aspecto terroso de gran miúdo e cor variable.
É un silicato de aluminio hidratado con mestura de diferentes óxidos e minerais que lle dan características moi variadas.
É un material sedimentario formado pola acumulación de restos de outras rochas, maiormente granitos, ao seren alteradas pola acción da auga, do gas carbónico, da calor...

Cando absorbe auga convértese nunha pasta de moita plasticidade que se pode modelar sen roturas.
Despois de seca conserva a forma, contráese e vólvese fráxil. Para darlle resistencia sométese á acción da calor (calcínase).



ALGUNHAS APLICACIÓNS DA ARXILA

- Fabricación de elementos de construción: adobes, ladrillos, tellas, baldosas, tubos ...
- Cerámica utilitaria e decorativa
- Fabricación de cementos
- Desengraxado de tecidos
- Decoloración de graxas e aceites
- Refinado do petróleo
- Usos medicinais e cosméticos.



Cerámica Celta



botixo de Buño



xarrón de Sargadelos



amboa de Gundivós



ola de Borixe



Cerámica Celta



cántaro de Niñodagua



Sargadelos